

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2013. Nº 9/2013.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.)
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)
D^a. M^a PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)
D^a MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.)
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)
D^a. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS (PSdeG-PSOE)
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior.....	pág. 3
2.- Resolucións da Alcaldía: dación de conta.....	pág. 3
3.- Expediente de transferencia de créditos número 4-T/2013	pág. 6
4.- Expediente Modificación Puntual núm. 13	pág. 8
5.- Préstamo: Adquisición inversións Lalín-Arena	pág. 9
6.- Moción do BNG para que se tomen as medidas necesarias para paliar os danos causados pola vaga de lumes e se poña en marcha unha nova política contra incendios	pág. 15
7.- Rogos e preguntas.....	pág. 18

=====

Sendo as dez horas do día 30 de setembro de 2013, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. José Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes se lles entregou a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 2 de setembro de 2013. De seguido, o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoa, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión extraordinaria do día 2 de setembro de 2013, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS NÚM. 4-T/2013.-

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 26 de setembro de 2013.

Polo grupo de goberno o edil delegado de facenda, ***D. Manuel Gómez Estévez*** explicou o contido do expediente.

Desde o grupo socialista ***D. Manuel María González Aller*** anticipou o voto en contra do seu grupo polos motivos que exporía no punto seguinte

Desde o grupo do BNG, ***D. Xesús Cordeiro Budiño***, indicou que votaría negativamente a proposta. Non vía motivo de alegría e alboroto co que o grupo de goberno propoñía concertar estes préstamos para rescatar o Lalín- Arena.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** vía este tema como un mal necesario. Absteríase polas razón que máis tarde expoñería.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP

Votos en contra: seis (6), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG.

Abstencións: unha (1) do PGD.

En consecuencia, **aprobose** a proposta da Alcaldía do seguinte tenor:

A concertación de tres operacións crediticias no presente exercicio, que ascenden a un total de 5.000.000 €, como consecuencia da resolución de mutuo acordo do contrato de concesión de obra pública e explotación do edificio polideportivo-multiusos Lalín Arena e conseguinte abono das inversións realizadas pola concesionaria Gaia Lalín Arena, S.L., supón para o concello asumir o custo dos intereses que se devenguen pola disposición da contía do préstamo que se dispoña neste exercicio, o cal non estaba previsto cando se aprobou o orzamento municipal vixente.

Como consecuencia do exposto e ante a necesidade de acomoda-los créditos da aplicación orzamentaria á que se imputan os xuros da débeda ós gastos que se prevén, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar expediente de transferencia de créditos núm.4-T/2013, que corresponde a este Pleno da Corporación a súa aprobación, consistindo en transferencias entre aplicacións presupostarias que pertencen a distintas áreas de gasto, **nos termos seguintes:**

A)- APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS DAS QUE SE PROPÓN TRANSFERIR CRÉDITO:

Aplicación	Denominación	Importe €
920.120.00	Administración Xeral.	13.000,00
	Salario básico funcionarios Grupo A1	
920.121.00	Administración Xeral	7.000,00
	Complemento de destino	
920.121.01	Administración Xeral.	10.000,00
	Complemento específico	
920.130.00	Administración Xeral.	15.000,00
	Laboral fixo. Retribucións básicas	
920.130.02	Administración Xeral.	13.000,00
	Laboral fixo. Outras remuneracións	

TOTAL BAIXAS..... 58.000,00 €

B)-APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS QUE SE PROPÓN RECIBAN CRÉDITO:

Aplicación	Denominación	Importe €
011.310.00	Débeda pública	58.000,00
	Xuros	

TOTAL AUMENTOS.....58.000,00 €

O importe dos créditos que se pretenden minorar é igual ós dos créditos a incrementar, polo que se conserva o equilibrio presupostario esixido polo artigo art.16.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 13.-

Deuse conta pola Presidencia deste expediente. De seguido o Sr. Secretario procedeu á lectura do ditame favorable da sesión da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial celebrada o día 26 de setembro deste ano.

Desde o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** explicou o contido do expediente e a conveniencia, en aras do principio de seguridade xurídica de deixar sen efecto o acordo e facer as peticións de informe antes da aprobación inicial, tendo en conta que logo haberá posiblemente un expediente de expropiación.

Os distintos voceiros dos grupos da oposición adiantaron que apoiarían a proposta.

Tras deliberación, e por **unanimidade** dos seus membros, os 21 concelleiros, que inclúen os 14 edís do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 do PGD, aprobouse a proposta, adoptándose o seguinte acordo:

Visto o Informe da secretaría xeral sobre o expediente de Modificación Puntual nº 13 do PXOM de Lalín sobre a “AMPLIACIÓN DO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTO SG-EQ.3: “CEMITERIO MUNICIPAL DA ROMEA, BOTOS”

Antecedentes

O Concello de Lalín diante da necesidade de ampliar as actuais instalacións do cemiterio municipal, sito na Romea, parroquia de Botos, para atender este servizo básico obrigatorio municipal previsto no artigo 25.2, j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, está a tramitar o expediente de Modificación Puntual nº 13 do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lalín Ampliación SG-EQ.3. Cemiterio municipal da Romea. Botos” redactado polo arquitecto D. Javier Bugallo Thielen.

A Modificación Puntual proposta supón incrementar a capacidade do cemiterio municipal da Romea, nunha extensión de 16.800 m² de terreos, ampliando o actual sistema xeral deste equipamento.

O Pleno da Corporación na sesión do 1 de agosto de 2013 acordou aprobar inicialmente o

expediente, realizar o trámite de información pública e solicitar os informes sectoriais necesarios. Para os efectos solicitáronse informes ó Ministerio de Fomento, Ministerio de Industria e Telecomunicacións, Consellería de Sanidade, Deputación de Pontevedra e Autopista Central Gallega.

Con data do 23/08/2013 o Director Xerente da Autopista Central Gallega Acega remite informe xurídico no que sinalan a esixencia da solicitude de informe previo preceptivo á aprobación inicial do expediente, aos efectos de presentar suxerencias polo dito organismo:

Fundamentos xurídicos

En canto á tramitación do expediente sinalar que segundo establece o artigo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, as modificacións dos elementos dos planes, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación. Polo que se seguiu o procedemento previsto no seu Título II Capítulo II, Elaboración e aprobación dos Instrumentos de ordenación. Art. 85 “Procedemento de aprobación do plan xeral”

O procedemento previsto no antedito artigo integra o procedemento de avaliación ambiental estratéxica establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, a solicitude con anterioridade á aprobación inicial de informe previo da concellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, e posteriormente á aprobación inicial, o sometemento do expediente ás consultas previstas no seu caso no documento de referencia, ó trámite de información pública e a solicitude de informes sectoriais que resulten necesarios. Cumpridos os trámites anteriores o Pleno do Concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que foran pertinentes.

Consta no expediente a Decisión de data 8 de agosto de 2012 da Consellería de Medio Ambiente, sobre a non necesidade de someter o expediente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, Informe previo á aprobación inicial, emitido o 19 de xullo de 2013 pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no que se sinala que deberá quedar clasificado como solo rústico de especial protección de infraestruturas a banda afectada pola liña límite de edificación da AP-53, sen prexuízo da súa cualificación, ao igual que o resto da parcela, como sistema xeral de equipamento para cemiterio.

O Regulamento Xeral de Estradas aprobado polo Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro, obriga a incluír as novas estradas nos casos de revisión de instrumentos de planeamento urbanístico.

A Lei 25/1988, do 29 de xullo, de Estradas, dispón que acordada a redacción, revisión ou modificación dun instrumento de planeamento urbanístico que afecte a estradas estatais deberá remitírselle con anterioridade á dita aprobación o contido do proxecto ó Ministerio de Fomento para a emisión de informe previo e vinculante.

Xa que logo, considerando a necesidade de efectuar o antedito trámite previsto na lexislación sectorial, con suxeición ao establecido no artigo 105 da Lei 30/1992, do 30 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, LRXAP e PAC, **o PLENO ACORDOU:**

Primeiro.- Rectificar o erro de procedemento e deixar sen efecto o acordo do Pleno da Corporación do 1 de agosto de 2013 relativo á aprobación inicial do expediente e retrotraer o expediente o momento procedemental anterior ó antedito acordo.

Segundo.- Solicitar do Ministerio de Fomento e da Deputación Provincial de Pontevedra a emisión de informe previo á aprobación inicial do expediente de modificación puntual núm. 13 do vixente Pxom de Lalín “Ampliación SG-EQ.3 Cemiterio municipal da Romea. Botos”.

5.- PRÉSTAMO: ADQUISICIÓN INVERSIÓN LALÍN-ARENA.-

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 26 de setembro de 2013.

Polo grupo de goberno **D. Manuel Gómez Estévez**, edil delegado de Facenda, explicou o proceso seguido. Houbo unhas condicións e enviáronse a varias entidades bancarias. Presentáronse cinco ofertas. Logo valoráronse e se fixo un clasificación de ofertas segundo as mellores condicións. Tres delas foron seleccionadas e agora a proposta viña ao Pleno para a súa aprobación.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M^a González Aller** adiantou o seu voto en contra. Indicou que isto non era novo, xa que se opuxeron ao rescate, tal e como se fixo tamén coa concesión do Lalín Arena.

Consideraban que non se rebaixou nada pola empresa o prezo final que abonaría o Concello, e que non houbo verdadeira negociación. Entendía que o Concello debeu aproveitar mellor a coxuntura e conseguir unha rebaixa do prezo. Non había desconto ningún, absolutamente ningún e elo supuña un fracaso absoluto do grupo de goberno.

Diante desta situación resultaba sorprendente que non se asuma ningunha responsabilidade política, e se tentase vender o rescate coma un éxito do goberno, cando había en Lalín moitas outras necesidades que atenderen.

Pretendíase concertar un préstamo de máis de cinco millóns de euros, a un tipo de xuro que vai sobre o 4,5%, moito máis alto que cando se construíu o Lalín Arena, que rondaba o un por cento. Agora este interese era moi alto.

Esperaba aínda que se aprobase esa modificación da lei para poder utilizar o remanente neste crédito. Isto aínda, repetiu, non estaba aprobado, e xa se vería.

O seu grupo coidaba que se podía destinar o superávit orzamentario e o remanente en manter, e mesmo acometer novas infraestruturas, buscando a sustentabilidade. Citou que o Lalín Arena tería que durar uns corenta anos e xa veríamos se o edificio aguantaba.

O endebedamento do Concello subiría moito con estes novos préstamos; se a isto se engadía o problema do parking, o conflito coa empresa do parque eólico e o tema de Espina y Delfin S.L., nos encontramos cun futuro nada alentador no que o Concello se vería apretado, ao igual que pasaba co goberno de España, que facía uns orzamentos cheos de recortes, en sanidade, educación e aos funcionarios. Agora parte dos cartos destes eidos e destes colectivos ía destinado ao pagamento da débedas, dos intereses e aos recortes, impedindo outros posibles fins e investimentos. Rematou volvendo pedir responsabilidade política pola xestión negativa desta instalación do Plan Arena.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén manifestou que votaría en contra neste tema, sendo coherente coa postura negativa do seu grupo manifestada cando se acordou o rescate da concesión do Lalín Arena, nun pleno anterior.

O que sucedería agora sería que a débeda municipal se elevaría moito, quedando a escasos puntos de ter que pedir autorización da Xunta de Galicia para novas actuacións, e sería este organismo, ó seu arbitrio, quen decidira a partir de agora e en diante calquera outro préstamo.

A situación municipal non era positiva desde o punto de vista económico, mencionando os temas pendentes de parking Europa, o tema do parque eólico e o de Espina y Delfin. Estabamos nunha época difícil, de crise económica, na que todo era coma unha tómbola, con moitos parados, e na que a xente o pasaba mal. O futuro municipal estará cheo de hipotecas, durante 11 anos, e o Concello gastárase máis dun millón de euros ao ano entre intereses e amortización dos préstamos a asinar.

Pola contra estes cartos, se non se actuase deste xeito, podían aplicarse a outros fins,

infraestruturas e actuacións necesarias para o pobo de Lalín. Coidaba que o Alcalde e o goberno municipal tiñan que ter ansia para gobernar doutro xeito e non para despilfarrar os poucos cartos públicos que se tiñan dispoñibles. Votarían en contra porque con esta actuación haberá un grande dispendio dos fondos públicos, e os que o estaban a pasar mal nestes intres non o entenderían.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** manifestou que non apoiaría a proposta. Salientou que coidaba que a negociación do Concello coa empresa concesionaria non foi boa; doutra banda o mercado inmobiliario estaba en declive e podía conseguirse un mellor prezo; o prezo era moito máis alto que o que existía daquela, e descoñecía se había outras saídas posibles a esta situación da concesión. Por elo absteríase.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. José Crespo Iglesias**, afirmou que, como grupo de goberno non o facían todo ben, pero si o mellor posible, porque era a súa obriga e pola conta que lles tiña de cara ás eleccións.

O Concello de Lalín estaba razoablemente ben, saneado, e eles gobernaban ben, nin máis nin menos cos demais. Acordes coa situación de España e de Galicia.

Sobre o tema eólico, afirmou que a empresa concesionaria daba ao ano uns trescentos mil euros, ao Concello e que desde a súa entrada en funcionamento xa aportou case un millón de euros ás arcas municipais. Preguntou: *¿É malo percibir un 15 % da facturación?* Era positivo contar co parque eólico. Lembrou que se concederon cen parques eólicos para toda Galicia, e un dos mellores foi o de Lalín, grazas á dilixencia do goberno municipal. E todo isto fíxose sen poñer nada, nin un só euro.

O Lalín Arena era un investimento que quedaba aí, cun elevado rendemento social. A empresa perdeu cartos. Outra cousa distinta era que puidera conseguirse por menos. A infraestrutura era de primeira e estaba aí para o seu uso.

Tiña deficiencias como eran as pingueiras, pero o importe do seu arranxo estaba avalado ao cento por cento. De non facer as obras a empresa concesionaria, as faría o Concello de Lalín.

Era certo que a xestión non saíu como se contaba, pero iso foi pola coxuntura económica. As instalacións eran utilizadas por moita xente. Agora cunha licitación xunto coa piscina climatizada, nun proceso único, podía ser rentable.

Había cidades como Pontevedra ou Vigo que non tiñan esta infraestrutura. Lembrou que Lalín puxo os terreos para outras obras coma o CAR, algo que non fixeron Pontevedra ou Vigo.

Durante once anos pagaranse os intereses e as amortizacións dos préstamos. Despois de ter un ano en funcionamento o Lalín Arena, veranse os datos, as cifras, os abonados, os gastos e os ingresos e xunto coa piscina farase o que sexa máis conveniente. Comprometeuse a facilitar os datos deste primeiro ano en mans municipais do Lalín Arena e dar os mesmos á oposición.

A oposición municipal falaba só dos aspectos negativos, pero non tocaba os puntos positivos, e el quería demostrar que a xestión e o feito de contar con esta infraestrutura era máis beneficioso que negativo. Con datos reais demostrarase isto, despois dun ano de ter o Lalín Arena en mans municipais. Reiterou que daría estes datos á oposición.

Doutra banda había que ter en conta os beneficios sociais que se sacaban do uso do Lalín Arena. Lembrou que antes cando viñan aquí a Lalín os equipos de balonmán a xogar criticaban o mal estado dos pavillóns; agora falaban ben de Lalín e do Lalín Arena.

As críticas da oposición eran fáciles, pero o difícil era actuar, coma pasaba en todo na vida. Salientou que cando se licitan obras ou servizos, había pelexas entre as empresas por levalas. Isto pasaba porque Lalín pagaba ben, moi ben, e porque era un Concello saneado.

Ao cabo de cincuenta anos o Concello asumirá o parque eólico e probablemente as máquinas estean obsoletas, pero os ingresos durante este tempo serán elevados. Tamén se estaba acabando de rehabilitar o Pazo de Liñares.

Reiterou que había que ver os datos e números de 1-1-2014, a 31-12-2014 para ver a economía real do Lalín Arena. Reiterou que daría os datos á oposición.

Rematou pedindo á oposición que cambiasen de actitude e que non criticasen todo.

De novo **D. Manuel M^a González Aller** sinalou que eles non dixeron que estaban en contra do parque eólico. Ao contrario, estaban a favor. Dixeron que entre estes préstamos, os gastos do parking, o de Espina y Delfin e S.L. e o conflito do parque eólico, Lalín non tiña despexado o seu futuro. Eles estiveron en contra da forma en que se concedeu e de que o concesionario foi unha empresa creada había poucos días.

Criticou as verbas do primeiro mandatario porque só se centrou no tema do parque eólico, e non tocou para nada o tema do parking nin o de Espina y Delfin.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. José Crespo Iglesias**, sinalou que o tema da auga e saneamento resolverase cando se saque a nova concesión, e o importe do litixio sería superado amplamente polas melloras e cánones que oferten as empresas que participen na licitación.

Seguiu a falar **D. Manuel M^a González Aller**. Destacou que con estes préstamos a concertar e co superávit empregado, gastaranse agora cinco millóns en rescatar a concesión; a cambio o Concello contaba con edificios municipais sobredimensionados como era o edificio do Concello e o Lalín Arena. Estaban a favor de contar cun edificio, pero axeitado ás necesidades e circunstancias de Lalín. Isto mesmo sucedeu co Lalín Arena. O seu grupo demandaba a construción dun edificio multiusos, pero non das dimensións e das características do Lalín Arena, que é unha obra faraónica. Non estaban contra a idea, pero si contra o proxecto e como quedou a concesión.

Con estas contas a pagar cada ano, o Concello non poderá acometer investimento algún nos orzamentos vindeiros. Isto tamén sucedía porque o remanente que existía se aplicou para completar estas partidas. O goberno municipal non tiña reparo algún en endebedarse.

En canto ao proxecto de potenciar a nova piscina municipal xuntamente co Lalín Arena, tiña dúbidas sobre o mesmo, obra sen dúbida tamén fantasiosa. Agora a xente dábase de baixa no uso do Lalín Arena pola crise económica. A realidade era que os lalinenses pagaban xa 50 € ao día utilizasen ou non usasen a dita instalación. Agora pagarán aínda mais.

Neste contexto, dicíase estes días que o Goberno Central sancionará as Comunidades Autónomas que despilfarran cartos públicos. Se esta mesma medida se aplicase pola Comunidade Autónoma de Galicia, o Concello de Lalín estaría en cabeza, e sería sancionado.

En suma, o seu grupo quería deixar claro e constancia que estaban en contra de como se fixo a concesión do Lalín Arena e agora do sistema e de como se rescatou a instalación. A súa postura era entendible facilmente, xa que non querían aumentar as cargas dos veciños; o mesmo que tamén estaban en contra da suba de impostos coma o IBI, que subiu en dous anos o 32%, por exemplo.

Díxose que a empresa perdeu cartos, pero o prezo do que se partiu de 8.400.000 € era o que constaba documentalmente, e non cría que perdera cartos como dixo o Sr. Alcalde; seguramente gañou cartos.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** preguntou ao Sr. Alcalde: *¿Onde e cando criticou o seu grupo o parque eólico?* Estaba en contra das verbas do Sr. Alcalde.

Non era certo o que dixo. O que era verdade era que o máximo mandatario non falou para nada do parking Europa nin do tema do Espina y Delfin S.L. Non entendía que o Sr. Alcalde mencionase o tema da rehabilitación do Pazo de Liñares, porque eles sempre apoiaron a obra, e non sabía a que viñan estas verbas. Estaban a favor desta obra como tamén estaban a favor das obras e infraestruturas nas parroquias e no rural de Lalín que non se van facer porque non haberá cartos, e estes utilizaranse para pagar os préstamos deste rescate do Lalín Arena. O Concello e Gaia Lalín Arena eran corresponsables de ter chegado a esta situación e de que teña que ser o Concello quen asuma esta herdanza.

Non entendía as referencias do Sr. Alcalde a cidades como Vigo ou Pontevedra, porque eles se debían aos veciños de Lalín.

Rematou afirmando que estas novas cargas recortarían fondos que podían destinarse a

investimentos e a gastos municipais máis necesarios que o rescate do Lalín Arena, e todo pola xestión municipal.

De novo **D. Camilo Conde López** amosou a súa comprensión diante desta iniciativa municipal. Había cousas no expediente que lle gustaban e outras non. Ao mellor existían opcións que non eran posibles. Tamén vía puntos escuros neste expediente que descoñecía e por isto se abstería.

Rematou o Sr. Alcalde-Presidente, **D. José Crespo Iglesias**. Dirixíndose ao voceiro nacionalista dixo que el non criticou o parque eólico, senón que o puxo como exemplo de boa iniciativa e xestión. No cómputo total do orzamento, non era tanto, pero podían darse as cifras dos ingresos municipais que representaban.

O mesmo quería dicir do Pazo Liñares. Esta obra se fixo nunha época difícil.

Criticou á oposición que non acudiu aos actos de inauguración do Concello.

Sobre as obras acometidas dixo que en Lalín a xente eramos un pouco “Quijotes”, aludindo ao personaxe “O naranxo”, título da pintura que inmortalizou o pintor Laxeiro.

Insistiu en que Lalín era un dos concellos máis saneados. Tiña menos persoal funcionario e laboral que calquera dos vinte e tres concellos de máis de vinte mil habitantes. Con todo, non desatendía ningunha das necesidades. Este ano comprouse maquinaria e se contaba cunha brigada de bacheo, con pisón, motoniveladora, e camión de bacheo, equipos cos que non contaban outros concellos.

Este ano non esgotaron os remanentes, senón que os utilizaron en parte. Lalín era un concello saneado e en parte debíase todo a que se contou cun PXOM.

Por alusións **D. Manuel María González Aller** explicou que os membros do seu grupo non viñeron á inauguración porque coidaba que xa o estaba, sinalando que houbo un acto de traslado de bandeiras, que se celebraron moitas sesións plenarias

Finalmente **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que non se inaugurou antes porque esperaba unha resposta da Casa Real, aos que invitou á mesma. Referiuse a actos similares segundo el, como a inauguración dos Xulgados de Lalín, nos que tivo lugar por goberno autonómico distinto e cando levaban xa tempo en funcionamento.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: seis (6), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG.

Abstencións: unha (1) do PGD.

En consecuencia, contando con máis da maioría absoluta do número legal de feito e de dereito, art. 47. 2.l) da lei 7/85, de 2 de abril, RBRL, **APROBOUSE** o expediente, segundo a proposta da Alcaldía, do seguinte tenor:

O Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o día 1 de agosto de 2013, con motivo da resolución de mutuo acordo do contrato de concesión e explotación do edificio polideportivo-multiusos de Lalín, no que se establecía o abono a Gaia Lalín Arena S.L. 7.150.000,00 €, que é o valor das inversións realizadas, de conformidade co establecido no artigo 266 do TRLCAP, como consecuencia da reversión anticipada da totalidade das instalación e equipos adscritos á concesión que constitúen o patrimonio concesional. Esa cantidade financiase parcialmente polo Concello, mediante unha operación de crédito, por importe de 5.000.000 €, o Pleno adoptou o acordo de aprobar a incoación dun expediente de concertación dunha operación crediticia polo

citado importe.

Co obxecto de conseguir unhas boas condicións financeiras na operación crediticia proxectada, e particularmente co gallo da protección dos principios de publicidade e libre concorrência que debe presidir toda contratación administrativa, acordouse na mesma sesión plenaria remitir unha circular a tódalas entidades crediticias con establecemento no termo municipal de Lalín, ou coas que teña relación comercial o Concello, indicando a intención do Concello de Lalín de concertar unha operación de préstamo, condicións reitoras desta, e criterios de selección das ofertas económicas que se presentasen.

As ofertas presentadas polas entidades financeiras en base á invitación cursada, co obxecto de seleccionar a proposta económica máis vantaxosa para os intereses financeiros do Concello, foron as seguintes:

ENTIDADE	CANTIDADE	DIFERENCIAL	COMISIÓN
NovaGalicia Banco	4.500.000,00	5%	SEN COMISIÓN
LA CAIXA	1.000.000,00	4,94%	1%
SANTANDER	1.000.000,00	4,5%	0,65%
BANKIA	2.850.000,00	4,25%	1%
BBVA	2.000.000,00	4,5%	SEN COMISIÓN
SABADELL	1.000.000,00	5%	1%

Unha vez avaliadas as ofertas pola mesa de contratación e emitido o informe de intervención, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Excluir a oferta presentada polo Banco Sabadell por non cumprir a premisa de 11 anos como período de amortización do préstamo establecido na circular.

Segundo.- Establecer a seguinte prelación de ofertas:

ORDE	ENTIDADE	CANTIDADE	DIFERENCIAL	COMISIÓN
1º	BANKIA	2.850.000,00	4,25%	1%
2º	BBVA	2.000.000,00	4,5%	SEN COMISIÓN
3º	SANTANDER	1.000.000,00	4,5%	0,65%
4º	NovaGalicia Banco	4.500.000,00	5%	SEN COMISIÓN
5º	LA CAIXA	1.000.000,00	4,94%	1%

Terceiro.- Formalizar o “PRÉSTAMO 2013” de 5.000.000 € coas seguintes entidades:

ENTIDADE	IMPORTE
BANKIA	2.850.000,00 €
BBVA	2.000.000,00 €
SANTANDER	150.000,00 €

con arreglo ás seguintes condicións :

O período de carencia abarca dende a formalización dos contratos ata o 31/12/2013, sendo un período de carencia parcial.

- **Tipo de Interese:** Será variable para toda a vida do préstamo referenciado ó EURIBOR a tres meses en cada momento de cálculo, sen redondeo, mais 4,25 puntos porcentuais para o crédito de BANKIA, 4,5 puntos porcentuais para o de BBVA e SANTANDER.

- **Cotas de amortización do préstamo e intereses:** a amortización das cantidades dispostas realizarase unha vez rematado o período de carencia, en corenta e catro trimestralidades constantes, concretamente a partir do día 1 de xaneiro de 2014 (sendo o vencemento da primeira trimestralidade: 31 de marzo 2014). Ás primeiras cotas de amortización engadiranse os intereses, que se calcularán aplicando o tipo de interese nominal dividido por catro sobre o capital pendente de amortizar ó inicio do período.

En todo caso, o Concello de Lalín poderá cancelar anticipadamente, sen comisión algunha, con carácter total ou parcial, as cantidades pendentes de amortizar, sen máis requisito formal que a comunicación previa á entidade prestamista.

- **Período de amortización dos préstamos:** once anos, contados a partir da finalización do período de carencia (1 de xaneiro de 2014).

- **Garantías do Prestatario:** consonte ó disposto no artigo 49.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non se afecta ningún recurso do Concello de Lalín en garantía do cumprimento das obrigas derivadas do contrato, quedando excluída automaticamente toda oferta que condicione a formalización do préstamo á afectación de calquera recurso deste Concello.

- **Tipo de xuros de demora:** 1,5 sobre o tipo debedor do período para as tres operacións.

- **Autorización:** A operación crediticia proxectada non require autorización previa da Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, posto que da liquidación do Presuposto de 2012 resulta un aforro neto positivo e a débeda viva, incluída a proxectada para o exercicio 2013 non supera o 75 % dos ingresos correntes do último exercicio liquidado.

- **Formalización do contrato:** Os contratos formalizaranse con cada unha das tres entidades financeiras seleccionadas ante o Secretario do Concello, con base na oferta realizada, dentro dos dez días seguintes á oportuna notificación. A entidade financeira poderá solicitar a intervención de fedatario público sendo da súa conta os gastos do outorgamento.

ACÓRDASE, así mesmo, comunicar o acordo adoptado, para o seu coñecemento, á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e facultar ao Presidente da Corporación, D. Xosé Crespo Iglesias, con DNI nº. 33.841.334-P para subscribir o contrato e os documentos que se precisen e levar a cabo tódolos trámites necesarios par a súa efectividade.

Cuarto.- Notificarlle o presente acordo aos licitadores.

6.- MOCIÓN DO BNG PARA QUE SE TOMEN AS MEDIDAS NECESARIAS PARA PALIAR OS DANOS CAUSADOS POLA VAGA DE LUMES E SE POÑA EN MARCHA UNHA NOVA POLÍTICA CONTRA INCENDIOS.-

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal do BNG, número de rexistro 5138 de 9 de setembro de 2013. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 26 de setembro de 2013.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** explicou o sentido da moción. Indicou que a vaga de lume deste ano en Galicia era o froito dunha política errática levada a cabo durante máis dunha década. Entre os moitos erros destacaba que a repoboación se fixo con especies de crecemento rápido, con piñeiros e con eucaliptos, en vez de empregar especies autóctonas e de crecemento lento, por exemplo con frondosas. As decisións que se tomaron foron desacertadas e agora viamos as consecuencias e os efectos negativos delo. Había moitas máis causas deste desastre, entre elas, mencionou a política de abandono do campo practicada polos sucesivos gobernos do PP. Finalmente leu a parte dispositiva da moción, resaltando as medidas que a xuízo do seu partido debían tomarse.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M^a González Aller** anticipou o voto favorable do seu grupo á moción. Lembrou que o voceiro do grupo político xa dixerá na sesión da comisión informativa que eles tiñan unha política propia e diferente da recollida na moción. Contra isto ía o sentido da moción: a política debía ser para todos e de loita contra o lume por todos os lados, para evitar o lume.

Sinalou que os danos causados foron irreparables. O monte tardaría moito tempo en rexenerarse. Afectaría non só aos ecosistemas e o medio natural, senón tamén a outros sectores importantes para a economía do país, como eran o turismo, como sucedía no caso do Parque Natural O Pindo- Carnota, porque agora era unha zona distinta e sen atractivos.

Cumpría pois realizar unha política seria que a Xunta de Galicia debía acometer, e con participación de todos, por todos e para todos dun xeito positivo.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** afirmou que este era un tema importante, e complexo para manexar. Da política seguida ata hoxe había uns efectos e uns resultados negativos que indicaban que non se tomaron as medidas válidas co monte galego. Fronte a isto propuxo planificar a rexeneración do monte e a súa utilización e explotación. Votaría a favor, aínda que a moción non era suficiente.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** salientou, en primeiro lugar, que a moción contiña a política forestal propia do BNG. A Xunta de Galicia tiña outra política, distinta da posposta, e con outros obxectivos.

O certo era que este ano houbo menos incendios que outros anos. O problema dos incendios era máis ben un problema de orde pública que de política forestal. Había que ver e estudar as características de cada lume, se foi ou non foi provocado, se había un ou varios focos nos incendios. Logo estaba tamén o tema dos incendiarios.

Lembrou que tamén no ano 2006 houbo un importante volume de incendios e con amplas zonas devastadas. Se fixeramos unha comparativa co que pasou aquel ano, veríase o lume que houbo agora, as zonas afectadas e a eficacia das medidas adoptadas. Este ano houbo oito mil hectáreas afectadas e moitos lumes con varios focos; tamén este ano empezaron a traballar moito antes as brigadas municipais contra os incendios, chegaron antes ao lume e estaban máis coordinadas. Mesmo no presente mes de outubro aínda estaban operativas dit as brigadas.

Por todo elo, non ían apoiar a moción. As medidas propostas formaban parte dunha política propia do partido propoñente; pola súa parte, a Xunta de Galicia tiña outra política que era máis efectiva

que outras xa aplicadas. A isto había que engadir que desde o mes de xullo non choveu nada e estivo todo máis seco que outros anos.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** lembrou que no ano 2006 ao PP gustáballe criticar a política forestal do goberno galego. Daquela non se dixo que os lumes foron debidos á actuación dos pirómanos, senón que se sostivo que foi unha errónea política da Consellería, entón en mans do BNG. O Sr. Feijoo apareceu na foto apagando o lume, con zapatos castellanos e coas críticas. A verdade foi que no 2006 o monte estaba cheo de maleza, e que os lumes foron provocados. Agora as brigadas tardaban moito en actuar. Rematou pedindo apoio á súa moción, indicando que aínda estabamos a tempo de elaborar e de aplicar unha nova política forestal que sexa consensuada entre todos os grupos políticos galegos.

De novo **D. Camilo Conde López** remarcou que o problema dos lumes estaba aí, e que ano tras ano falabamos do mesmo. O que había que facer era buscar solucións ao problema, con medidas que sexan aceptadas socialmente, e con iniciativas que sexan eficaces contra o lume, porque ata agora non o foron.

Na segunda rolda, **D. Román Rodríguez González** destacou que este era un problema de orde pública e que o principal era que había que deter aos incendiarios, indicando que este ano se detivo a máis de cento cincuenta persoas.

Parecíalle normal que o BNG aproveitase que houbese este punto negro para sacar renda política. Indicou que non se dixo que no ano 2006, cando gobernaba o BNG, se cometeron algúns erros, como a non renovación da colaboración contra o lume co exército. Aínda, así e todo, houbo un 15 % menos de incendios e a meirande parte dos lumes afectaron a menos dunha hectárea.

Rematou **D. Xesús Cordeiro Budiño** remarcando que non eran certas as verbas do voceiro popular, poñendo como exemplo un lume que houbo no lugar de Medelo, parroquia de A Xesta no que foron os veciños os que apagaron o lume, e aínda nese intre esperaban a chegada das brigadas de incendios.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Dirixirse á Xunta de Galicia para revisar de xeito inmediato o dispositivo de defensa contra incendios forestais e que, conxuntamente co goberno do Estado, implemente de maneira urxente as medidas necesarias dirixidas a paliar os danos causados pola vaga de lumes e contribuír á súa extinción, xa de cara ao ano que ven.

2º.- Dirixirse á Xunta de Galicia para que implemente as medidas necesarias para a recuperación do monte afectado pola vaga de incendios e para poñer en marcha unha nova política que teña como eixos:

- Unha nova política forestal orientada á ordenación dos espazos forestais facéndoo compatibles con outras actividades agrarias, á diversificación de especies e á diversificación de aproveitamentos económicos dos montes.

- O impulso dunha política preventiva contra os incendios forestais, ampliando as zonas de protección dos núcleos rurais, adoptando as medidas precisas para asegurar un cumprimento rigoroso da limpeza da biomasa forestal nestas zonas.

- Unha política de intervención no medio rural que pule pola reactivación socioeconómica da actividade agraria e corrixa a tendencia ao progresivo despoboamento.

- A renuncia á política de recortes orzamentarios en servizos públicos básicos como a prevención e extinción de incendios forestais, asegurando recursos para poder acometer tanto un dispositivo axeitado como desprepar accións preventivas no monte no marco dunha nova política forestal.

- Unha maior tecnificación e profesionalización dos servizos de prevención e extinción de lumes.

3º.- Solicitar da Xunta de Galiza que, en colaboración co Goberno central, poña en marcha un programa de axudas para paliar os danos ocasionados polos incendios forestais na vaga de agosto de 2013.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: catorce (14) do PP.

Abstencións: ningunha

Xa que logo, **REXEITOUSE** a moción.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.-

7.1 ROGOS.

Presentados de forma escrita durante a sesión:

PGD.

D. Camilo Conde López.-

1.- ROGO.-

Este verán mantiven unha entrevista con un fabricante de aceites aromáticos para uso gastronómicos, que ven sendo pioneira nesta modalidade. Suxerínlle a idea de fabricar un aceite coas esencias máis axeitadas e que permita realzar ou mellorar o sabor dos grelos e dos cachelos, feito que procurará unha maior relevancia a este xa recoñecido e valorado menú. O fabricante amosouse interesado en asumir a idea e comprometeuse a vir a Lalín a degustar un cocido para concienciarse dos sabores e despois procuraría a obtención dos sabores máis idóneos e posteriormente a súa fabricación. Por suposto a fórmula sería secreta e fabricaríase e etiquetaríase en exclusiva para o Cocido de Lalín.

Na confianza de que así se acepte e se comprometa este Concello a colaborar no desenvolvemento de esta iniciativa.

Contestou **D. José Antonio González Fernández, edil delegado de turismo**. Sostivo que había que estudar e valorar esta iniciativa e ver o grao de compromiso da empresa. Tal e como estaba redactado non estaba seguro se era un rogo ou unha moción.

Presentados de forma oral durante a sesión.

PSDEG-PSOE.

D. Manuel María González Aller.-

1.- ROGO.-

Pide que cando se celebren as festas patronais de Lalín, que os postos que se ubican na rúa Principal, nas rúas adxacentes e nas beirarrúas, que deixen espazos libres suficientes para que os viandantes poidan circular e ver os escaparates dos comercios e os veciños poidan acceder ás súas vivendas polos portais dos edificios. En suma que se separen os postos dos edificios e accesos.

O Sr. Presidente quedou enterado.

2.- ROGO.- En relación cos postos na vía públicas dos feirantes durante as festas patronais de Nosa Señora das Dores 2013, non saben o que pagan por ocupar a vía pública, as acometidas de luz onde se enganchan. Si sabía que houbo xeneradores de enerxía e que ocasionaron moito ruído aos veciños.

Reclama tamén que se estude esta ubicación e a súa organización nas festas, procurando ocasionar os menores ruídos, molestias e incomodidades aos veciños e comerciantes.

O Sr. Presidente quedou enterado.

3. ROGO.- Pide que se informe á oposición dos procesos xudiciais contencioso-administrativos en relación co parking Europa e tamén cos que se tramitan en relación coas obras de Ampliación do Auditorio Municipal. Non sabían nada e querían ter datos.

O Sr. Presidente quedou enterado.

7.2. PREGUNTAS.-

1.- PREGUNTA.- ¿Houbo descenso no número de abonados á piscina municipal, tendo en conta que se produciu o peche da mesma aos usuarios para realizar as obras de reparación na mesma?

O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.

E, sendo as doce horas e dez minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente